

# O Eco de San Tomé

2023-24





# Índice

Educación Infantil .....	4
3 anos: <i>Os Xiraseles</i> .....	4
4 anos: <i>Cocorico</i> .....	6
5 anos: <i>Saída á Toxa</i> .....	10
Proxecto do Cole: da Literatura ao Cine .....	14
Educación Primaria .....	15
1º ciclo: <i>Obradoiros</i> .....	15
2º ciclo: <i>Os Bechos / Vivir sen Pláscctico</i> .....	20
2º ciclo: <i>Olimpiadas Escolares en Santiago</i> .....	22
3º ciclo: <i>Entrevista a Baia Fernández</i> .....	26
3º ciclo: <i>Criaturas Máxicas</i> .....	28
3º ciclo: <i>Traballos de Aula</i> .....	30





# 4º Educación Infantil PLANTAMOS XIRASOLES









Aquí deixamos unha recompilación das tarefas que incluían actividades como identificar, unir, contar, crear, pintar...






A pesar de non poder saír pola choiva desfrutamos moito no Entroido. No cole bailamos, cantamos, desfilamos e como remate final unha merenda con doces típicos do Entroido.









Este curso 2023/2024 o Proxecto de Centro desenvolve polo C.E.I.P. San Tomé foi "DA LITERATURA AO CINE" e as nenas e nenos de 5º de Educación Infantil, elixiron o conto "COCOCRICO" de Marisa Núñez, para traballar esta temática.

Preparamos, ao redor deste PERSONAXE, os identificadores das zonas persoais do alumnado co seu nome e foto, así como os das mesas e gabetas, elaboramos murais, actividades, tarefas específicas de lecto-escritura, lóxico-matemática, robótica... Mais non só nos limitamos a traballar con este personaxe, senón que o principal fin desta temática era amosar os cativos e cativas a marabillosa aventura da literatura infantil e o cine.

Con todo, aquí deixamos unha pequena mostra das actividades e tarefas manuais que levamos a cabo este curso.

DECORAMOS AS  
PORTAS DAS AULAS





SAIDA A ILLA DA TOXA

ASNENAS E NENOS  
DE SANOS  
FOMOS A ILLA DA TOXA

COA ASOCIACION

BATA.



O PRIMEIRO QUE FICEMOS

FOI APOÑERGUANTES  
E CHALECOS.



DESPOIS RECOLLIMOS  
LIXO

CRISTALS, PLASTICS,  
ANIAS,

TORNILLOS

PAPERS...







LO QUE OBSERVAMOS  
RECOLLIDO:

NADRAIA





POR ULTIMO

FOMOSA ALDEA  
GROVITAMERENDAP  
EAXD GAR.



PASAMOLD


XEIVIA





# DA LITERATURA AO CINE:

## Desenvolvemento do proxecto





# OBRADOIROS 1º CICLO Curso 23-24



Ola nenos e nenas!!  
Os presentamos os obradoiros  
realizados este ano no 1º ciclo.  
Que ben o pasamos!!!!!!!

## XOGAMOS COAS LINGUAS



BONJOUR! FRANCÉS, ITALIANO, PORTUGUÉS,  
INGLÉS, GALEGO E ESPAÑOL. FORON 6 AS LINGUAS  
COAS QUE MÁIS XOGAMOS!A TRAVÉS DE CON-  
TOS, GASTRONOMÍA, XOGOS DE VOCABULARIO E  
CANCIÓN S COMO IL PULCINO PIO OU LOVIU.



# XOGOS DE CINE

LEGOS, O PARTY, DIRECTORES DE CINE, AS PELÍCULAS, ADIVIÑA QUEN SON E O DOMINÓ DO CINE! CANTOS XOGOS!



# HAPPY ENGLISH

EN HAPPY ENGLISH ENTRE ESTACIÓN E ESTACIÓN, XOGAMOS E APRENDEMOS UN MONTÓN!





# ROBÓTICA

NO OBRADOIRO DE ROBÓTICA  
PROGRAMAMOS AVENTURAS GRÁFICAS E  
ROBOTS, CONSTRUÍNDOS OS  
ESCENARIOS PARA LEVALOS A CABO!



# CINE



EN CINE VIMOS: " RICHAR LA  
CIGÜEÑA", "MI AMIGO  
TOTORO" E "DEL REVÉS".



# PINCELADAS DE CINE



APRENDIMOS QUE NON TODOS OS PINCEIS SON IGUAIS, MODELAMOS PERSONAXES DO PAÍS DE NUNCA XAMAIS E CADA UN DESEÑO E PINTOU O SEU PROPIO CADRO! VAIA ARTISTAS!



# HORTO



PLANTAMOS LEGUMES, VERDURAS E ATA ÁRBORES FROITEIRAS!  
FIXEMOS SEMILLEIROS E UN BONECO REUTILIZANDO VASOS DE PLÁSTICO, OVOS BALEIROS E SEMILLAS DE CHÍA !





# XOGAMOS?



ESTE ANO FIXEMOS UN CONTO MOTOR, AXUDAMOS A PETER PAN A TOPAR UN TESOURO, REALIZAMOS UNHA XINCANA, FIXEMOS MÍMICA, PRACTICAMOS A NOSA PUNTERÍA E PASÁMOLO EN GRANDE!!!!





## NESTE CURSO VISITÁRONNOS...

Neste curso, unhas das actividades que máis nos gustaron foron a "exposición de bechos" de Miguel Santamaría e a "vida sen plástico" de Patri e Fer.



Miguel Santamaría é afeccionado, dende moi pequeno, a coñecer o mundo dos bechos.

Contounos que, dende neno, tiña moita curiosidade por eles e tamén por localizar na natureza a maior variedade posible.

Na súa visita ensinounos moitos bechos, desde un insecto pau ata un escorpión.

Algúns compañeiros non quixeron collelos, porque algún daba moito medo!





Tamén había unha tarántula, que aínda que era pequena, realmente impresionaba!

Gustounos moito a experiencia cos bechos.





Outra das visitas que máis nos gustou foi a de Patri e Fer. Eles levan oito anos vivindo sen usar plástico.

Ao comezo foi complicado posto que estamos rodeados de plástico por todas partes e, reducir o seu uso, non lles foi nada doado.

Contáronnos que durante semanas foron diminuindo os residuos e era coma un xogo. Nalgún momento pasaron vergoña ao ir mercar con tarros de cristal e bolsas de tea.

Dende o 8 de xuño de 2023, comezaron a percorrer a costa da Península Ibérica camiñando e alertando sobre a necesidade de protexer os nosos océanos. Durante o seu percorrido fixeron unha parada en Cambados onde nos falaron da súa experiencia, sobre a contaminación e de como podemos axudar a combatela.



VIVIR  
PLÁSTICO  
SIN



Alumnado de 3º





# OLIMPIADAS ESCOLARES SANTIAGO DE COMPOSTELA

*O venres 24 de maio, os nenos e nenas de 4º de primaria, viaxamos a Santiago de Compostela para participar nunhas olimpiadas escolares con alumnos/as de outros centros educativos de Galicia.*





*Ao longo da mañá participamos en diferentes tipos de probas como por exemplo: carreira de remudas, lanzamento de peso, carreira de 60 e 500 metros, salto de lonxitude e lanzamento de vórtex*

### *SALTO DE LONXITUDE*



### *LANZAMENTO DE VÓRTEX*





### CARREIRA DE REMUDAS



*Foi un día de moito esforzo, pero valeu a pena.*



**PASÁMOLO XENIAL!!**



## O ECO DE SAN TOMÉ

### BAIA FERNÁNDEZ: "Coido que me gustaría ser libre"

24 ABR. 2024

Baia Fernández de la Torre naceu en 1980 no municipio de Cuntis, na provincia de Pontevedra. Dende ben pequena amosou a súa paixón pola escritura e logrou publicar a súa primeira obra no ano 2015. Hoxe temos a sorte de tela no noso centro para presentarnos dous dos seus contos: "Laia" (2018) e "Caracol, cara de col" (2023).



#### 1. Cal foi a túa inspiración para comezar a escribir?

Sempre escribín, dende pequena, e o que máis me inspiraba, e o segue facendo, é observar o meu interior. É dicir, o que me pasa por dentro.

#### 2. Por que decidiches escribir libros para nenos?

Non foi unha decisión, as historias veñen a min e eu escriboas para quen as queira ler, tanto crianzas como adultas.

#### 3. De pequena gustábache ler?

Gustábame, pero custábame moito traballo, por iso comecei a ler poesía, porque nun texto pequeno tiña unha historia completa. Cos anos descubrín que tiña dislexia e iso explicou moitas cousas da miña infancia e das dificultades para o estudo ou a lectura. É por iso que o conto de Caracol ten a narración cunha tipografía que facilita a lectura a persoas con dislexia, para que todo aquel que a queira ler o poida facer.

#### 4. Que estudaches?

Estudei o bacharelato, aínda que non fun quen de rematar o último curso, entre a miña dislexia sen diagnosticar e que foi un ano terrible, a nivel tanto de saúde propia como familiar, pois foi cando enfermou gravemente miña nai. Para saír adiante decidín mudar de estudos e facer algo que me permitira traballar, así que comecei perruquería para seguir co negocio familiar. Aínda que me dediquei a ese traballo e me foi moi ben, logo



decidín que tiña máis intereses e que non podía ignoralos. Estudei enxeñaría emocional e tipoloxías da personalidae humana, formeime no loga da Risa, no Sistema Ludocorporal e nun feixe de cousas máis... e as que virán! Adoro aprender!

**5. Sabemos que tes contas de humor nas redes sociais. Poderías contarnos unha anécdota?**

Ui, teño moitas anécdotas, como cando fun ao concerto de Budiño e logo me acheguei a coñecelo, pois admíroo moito, e resulta que era el o que me quería coñecer a min porque disque que era o meu fan e vía os meus vídeos mentres cociñaba. Foi xenial! Ou o día que fun a outro concerto no que eramos pouquiña xente e case todos eran famosos, estaba ata o Gran Wyoming, e unha rapaza veu onda min toda efusiva dicíndome: "Ti es Baiaaaa! Podo sacarme unha foto contigo que me fai moitísima ilusión???" Eu quedei abraiada e miraba cara os lados a ver onde estaba a cámara oculta.

**6. Cantos libros escribiches? Cal foi o que máis éxito tivo?**

Libros propios escribín 3, aínda que logo tamén participei en obras colectivas e nalgunha de outro autor amigo. Non sei moi ben, se cadra o máis famoso poida que sexa "*Caracol, cara de col*", porque o fixen a través dunha campaña de mecenazgo e iso deulle máis repercusión.

**7. Cal é o libro que máis che gusta das túas obras e por que? E doutros autores?**

Dos meus, o que máis me gusta é "*Laia*" por varios motivos. Foi un libro que o soñei, e está ilustrado polo meu artista favorito, Leandro Lamas. Ademais, tanto a historia como todo o que a rodea, é moi máxico. Doutros autores non che sabería dicir un preferido, pero gústanme moito: "*Noites, amenceres e algo máis*" de Asun Estévez e "*Caída*" de Suso Bahamonde.

**8. Se non foses escritora, que che gustaría ser?**

Pois calquera das outras cousas que xa son, como: adestradora emocional, activadora do potencial humano, adestradora da risa, creativa, comunicadora ou caracterizadora de teatro... case nada! Tampouco me importaría ser fotógrafa, cantante, artista plástica, pintora, meiga... Coido que me gustaría ser LIBRE!

**Alumnas e alumnos de 6º de EP**



# CRIATURAS MÁGICAS

## CULTURA

### **Dobby: “He sido esclavo de mi única familia”**

12/03/2024

Dobby nació en Hammersmith (Londres, Inglaterra), el 7 de septiembre de 1966. Tiene una mirada fría y aterrada, pero feliz. Va siempre acompañado de su calcetín y sus harapos de vestimenta oscuros. Cuando lo miras a su pequeña cara y su larga nariz puntiaguda, con esos ojos verde esmeralda, te transmite ternura. Es en los momentos aterradores y lúgubres cuando Dobby te hace sonreír.

**P. Trabajar en las cocinas de Hogwarts debe ser algo maravilloso. ¿Qué le parece, señor Dobby?**

R. Dobby cree que es algo muy importante para él, porque no se dan muchas oportunidades como esta a elfos como Dobby, ya que la gente cree que son pequeñas criaturas sucias y asquerosas que no sirven para hacer gran cosa, pero Dumbledore, el director de la escuela, es alguien especial que no juzga por el físico de nadie y quiso a Dobby tal y como era para trabajar en las cocinas de Hogwarts. Ahora Dobby es muy feliz ahí.

**P.Usted es un elfo doméstico de nacimiento que, a su vez, nunca tuvo unos verdaderos padres. ¿Cómo se sintió siendo esclavo de los Malfoy mientras lo criaban?**

R. A Dobby nunca le gustó trabajar ahí, pero, como Dobby ya dijo, Dumbledore le dio una gran oportunidad. Los Malfoy son malas personas que no tratan bien a Dobby y, como ya sabréis, Harry lo sacó de esa tortura de vida. Le mandaban limpiar, fregar y muchas cosas más. No le daban casi de comer y no sabían ni coserle la ropa, por eso Dobby viste con harapos de tela y el calcetín de Harry Potter.



**P. Hemos visto en algunas ocasiones elfos hablando, pero no como usted. ¿Por qué habla en tercera persona?**

R. Las raíces de los elfos domésticos provienen de un idioma muy antiguo y Dobby es uno de ellos, ya sea algo bueno o malo. Es algo bastante curioso que siempre me ha impresionado bastante, la verdad. No me arrepiento de hablar así, siempre me hacen preguntas sobre mi forma de hablar en Hogwarts. A Harry le hace siempre mucha ilusión, bueno a todo el mundo. Me encanta mi idioma y no lo cambiaría por nada.

**P. Usted, Dobby, tiene la magia en las venas de sus dedos, y, suponemos que le ha servido en alguna ocasión. ¿Estamos en lo correcto?**

R. Pues, la verdad es que sí, pero no del todo. Dobby solo usa su magia en ocasiones especiales, por ejemplo, después de que Harry le liberase de la familia Malfoy, usé mi magia para proteger a Harry del señor Lucius Malfoy. Aparte, no es algo que le pase a Dobby solo, los elfos domésticos tienen algún tipo de magia o hechizo especial. A Dobby se le otorgó el poder de levitación. Bueno, y más, pero ese es el más conocido, y del que todo el mundo habla.

**P. Usted tiene un nombre bastante peculiar, pero lo único que sabemos es que es del siglo XX. ¿Nos podría decir algo más sobre el origen del nombre?**

R. Aunque sea algo extraño, el nombre de Dobby proviene de un idioma muy antiguo, que como ya dijiste es del siglo XX. "Ay dos formas de expresar el nombre, y una de ellas se refiere a la tela tejida en un telar llamado como yo, "Dobby". La otra es algo más sencillo. Como ya dijimos anteriormente los elfos como yo sirven para trabajar y eso es a lo que se refiere la otra opción." También tiene el significado de bueno o buena en honor al trabajo que hacemos.

**P. Harry le libera y le da su calcetín tan querido y honrado. ¿Es esa la razón por la que le gustan tanto?**

R. Pues, la verdad es que sí. Con ese calcetín logró liberar a Dobby de servir a la familia Malfoy. Bueno, también mi familia. Ahora es como su amuleto de la suerte, su fiel amigo inanimado y su recuerdo de aquel maravilloso día, que dejé esa página atrás de su pequeña vida. Ahora lo utiliza como un recuerdo de Harry que le hace pensar en él, tanto aquí como allá. También le hace pensar en Hogwarts (su casa).

**Muchísimas gracias por su tiempo, Dobby. Y gracias por todas las historias y preguntas que nos acaba de contar. ¡Larga vida a un elfo libre!**

Manuela, 5ºA



# Cómo crear tu propia varita

## PROCESO GENERAL

1

Lo primero que debes hacer es buscar un palo, con el grosor que quieras, cuya longitud ronde los 30 cm.




2

Después, debes darle la forma deseada con arcilla blanca, recubriendo con ella ese palo. Luego espera a que se seque.



3

El siguiente paso sería decorarla a tu gusto con témperas, acuarelas y accesorios a tu gusto.



4

Por último, debes esperar a que se seque y puedes barnizarla con alquilar para que brille.



5

¡Y ya tendrías tu propia varita!



Hecho por Martín, 5ºB

# FÓRMULA MÁXICA MATADOR DE RATOS 87 INGREDIENTES

- Ollo de paxaro.
- Perna de cabalo.
- Fígado de elefante.
- Cabeza de rá.
- Unlla de paxaro.
- Lingua de gacela.
- Rabo de gato.
- Escamas de peixe.
- Pelo de unicornio.

## Pasos para a súa elaboración:


En primeiro lugar, botamos o ollo de paxaro a ferver durante cinco minutos. Logo, collemos a perna de cabalo e mesturámolo co fígado de elefante no batedor. Unha vez feito isto, cortamos a cabeza de ra en catro partes, e metémolas nunha tixola ata fritilas. Máis tarde, as unllas de can xuntámolas co ollo de paxaro. Posteriormente, cortamos a lingua de gacela e o rabo de gato. Pasado un rato collemos as escamas de peixe mais o pelo de unicornio e botámolo a ferver durante cinco minutos. E, por último, xuntámolo todo e metémolos no microondas durante dez minutos.



Irene P. C. 6B

# FÓRMULA MÁXICA FÓRMULA SEGREDA

- 4 LITROS DE SANGUE DE UNICORNIO.
- 1 OVO DE AVESTRUZ.
- 1,5 KG DE XEO DA ANTÁRTIDA.
- 2 LITROS DE BABA DE TROLL.
- 3 PLUMAS DE FÉNIX.
- 1 DENTE DE SERPE.



O primeiro que tes que facer é botar nunha pota 4 litros de sangue de unicornio e remover ben ata que ferva.

Despois collemos 1 ovo de avestruz e mesturámolo nunha cunca á parte, xunto con 1,5 kg de xeo da Antártida e engadímolo na pota. Deixámolo repousar en baixa potencia ata que colla cor.

En segundo lugar collemos unha pluma de fénix, lavámola moi ben e fritímolo nunha tixola para que quede douradiña.

A continuación, engadímola na pota xunto con baba de troll.

Finalmente agregaremos un dente de serpe e, co batedor, mesturámolo ata que quede líquido.



LAURA REY  
CACABELOS 6B



# FÓRMULA MÁXICA

## para voar

### INGREDIENTES

- |                          |                           |
|--------------------------|---------------------------|
| 2. Ollos de tortuga      | Un pelo de cola de cabalo |
| Un pelo de Hugo.         | Un colmillo de vampiro.   |
| Una pestaña de elefante. | Unha tira de churrasco.   |
| 5 gadoupas de gato.      | Cuspe de delfin.          |
| Una cola de rato.        | 3 patas de formiga.       |



### PRIMEIRO PASO

En primeiro lugar hai que remollar os ollos de tortuga no cuspe de delfin durante 3 días.



### SEGUNDO PASO

Depois colles a tira de churrasco e as gadoupas de gato e as troceas.



### TERCEIRO PASO

Colles unha cacerola e un pouco máis de cuspe de delfin e botas todos os ingredientes.



### CUARTO PASO

Coa cacerola no lume tes que cociñala durante 3 horas, remexendo 365 veces no sentido das agullas do sentido reloxo e 201 no sentido contrario.



### PARA REMATAR

Xa para rematar debería ter unha color turquesa. Esperas a que se enfrie e xa a podes usar para voar.



Lola 6ªc

**ADIOS RIOS  
ADIOS  
FONTES**

Prados, ríos, arboredas,  
pinares que move o vento,  
paxariños piadores,  
casaña d'o meu contento.

muíño dos castañares,  
noites craras de luar,  
campaniñas trimbadoras  
da igrexiña do lugar,

ROSALIA DE CASTRO

BRAIS






## ¡PRA A HABANA!

«María, eu son mozo,  
pedir non me é dado,  
eu vou polo mundo  
pra ver de ganalo.  
Galicia está probe,  
i á Habana me vou...  
¡Adeus, adeus, prendas  
do meu corazón!»

*Rosalía de Castro*



*Feito por: Nuria 6ºA*





# a vida eterna

---

## a vida eterna

A PAZ ESTÁ NO AIRE  
E A GUERRA DEBE PARAR  
A LIBERTADE NON SE CUMPRE  
QUE PARE ESTO XA!!

A POMBA ESTÁ BRILLANDO  
A HARMONÍA É IGUALDADE  
A TERRA É AMOR  
AXUDAR PARA CONSEGUIR A  
IGUALDADE.

AMOR É ALEGRÍA  
VALORAR TI ES CAPAZ  
AXUDA Á XENTE  
E RECOMPENSA TERÁS.

PAZ É ALEGRÍA Á  
LUZ TE GUIARA  
A POMBA ESTÁ SORRINDO  
CANDO TI VAS PASAR.

ENGAIOLAR É MALDADE  
TI VAS AXUDAR  
A CONSEGUIR  
A BONDADE.

TI TES UN AMIGO  
AMISTADE É AMOR  
A GLOBAL ALEGRÍA  
CON BO CORAZÓN.

O FUME LEGA  
ESTO NON PODE SER  
VERDADE É SINCERIDADE  
TI PODES FACER.

AS TRADICIÓNNS NON  
SEMPRE SON BOAS  
TI PODES FACER  
UNHA GRAN MELLORA.

..nola e sala

---

nora esora

# Mercadillo solidario

PARA O REFUXIO DE ANIMAIS DE CAMBADOS

RECOLLIDA DO 27 AO 31 DE MAIO

QUE COUSAS PRECISAN?

- .Lixivia(lejia)
- .Limpiador do chan.
- .Empapadores (hai no Mercadona)
- .Latas (comida branda)para cans e gatos.
- .Mantas.
- .Correas e arneses



# mercadillo SOLIDARIO

Dende o 27 ao 31 de maio

Necesitamos:

- Lixivia 



antes

despois


- Mantas 

- Limpiador de chan 

- Correas, arneses e coiaras 

- Latas de (comida branda) 

para cans e gatos

- Empapadores (no Mercadona) 

Colaboramos con: **Refugi** Cambados 

# mercadillo **SOLIDARIO**

Dende o 27 ao  
31 de maio



**Precisamos:**

Empapadores (no mercadona)  
Correas, arnases e coiares  
Lixivia  
Mantas  
Limpiador de chan  
Latas de (comida branda) para cans e gatos



**antes**


**despois**



Colaboramos co:







**Equipo de  
Dinamización  
da Lingua Galega**